

“O ESTUDIO E OS AMIGOS DE GRANELL”

Wifredo Lam – Lam e Granell coñecéronse en Madrid de mozos, cando o primeiro estudaba pintura e o segundo, música. Eran os anos anteriores á Guerra Civil. En 1941, volvéronse atopar na República Dominicana, cando Lam chegou con André Breton. Lam e Granell intercambiaron cartas e libros e volvéronse ver en París en 1954, onde compartiron uns días co grupo surrealista, entre os que estaban André Breton, Toyen, Benjamin Péret, José Pierre.

“O surrealismo alcanza en Lam un dos seus máis elevados cumes, á par que unha das súas lexítimas aspiracións. Esa misteriosa conxunción do máxico e do real, do material e do intanxible, do presentido e do confirmado, do soñado e do vivido... Mundo insospitado no cal se ve que a lúa é unha cervá voante e no que se asiste ás vodas químicas e no que se escoita o berro do paxaro Rock e preséntase con asombroso desfile —marabilloso de terror e amor poético— dos máis anxelicodemoníacos seres antillanos (cegados, cegados), vistos ata hoxe”.¹

Pablo Picasso – Granell sempre considerou que Picasso era o máis grande pintor da historia.

Ernesto Lothar – Granell e Lothar coincidiron na República Dominicana como exiliados. En Santo Domingo, Lothar foi profesor na Escola Nacional de Belas Artes. “Na pintura de Lothar non priva a cor sobre a liña..., senón que a liña e a cor se equilibran ata o punto en que a vontade do pintor pasa a ser o fiel da balanza formada por eses dous pratos iguais en peso. É un equilibrio especial o que Lothar consegue cos seus xogos de liñas e os seus conscientes toques, de artífice, coa cor. Equilibrio que parece burlar a lei da gravidade, tamén a da respiración e a da descomposición do prisma, así como todas as leis da dinámica xuntas. Porque a pintura deste artista é, sobre toda outra cousa, pintura quieta, inmóbil, estática”.²

Amparo Segarra – Foi educada en Argenteuil (Francia), onde pintaron os impresionistas. Non é unha artista profesional, pero as súas numerosas colaxes foron admiradas por innumerables artistas e estes dous expuxéronse na mostra *A colaxe surrealista en España*, Museo de Teruel, 1989. Son metáforas plásticas moi ricas, nas que se plasma un humor sutil que conduce ao recordo dos agudos aforismos de Lichtenberg. Amparo acompañou a Granell no longo exilio de ambos os dous polo mundo.

Conroy Maddox – Granell e este pintor surrealista inglés coñecéronse a través da exposición surrealista en Chicago, World Surrealist Exhibition, de 1976. Nunha entrevista, Maddox coincide plenamente coas ideas de Granell sobre o surrealismo: “A través dos anos, o surrealismo non perdeu o seu significado emancipador; a razón da súa revolución na consciencia e da súa liberación social son máis actuais ca nunca. Ningún movemento dixo tanto sobre a condición humana ou colocou a liberdade poética e política sobre todo o demais. Na área da poesía e da pintura sempre estivo á altura da vida mesma. Eu pinto porque é a mellor forma que teño para expresarme, por iso o meu compromiso co surrealismo maniféstase por compromiso e non en palabras”.³

Máscara infantil – Liberia, madeira, cauris, tea e palla.

Carlos Mérida – “As pinturas de Mérida, reducida á súa obxectividade, mostran ás claras que todo nelas tende cara ás nubes. Ascende ou descende, pero a tendencia acúsase sempre cara a máxicos retratos de altísimos cirros. Nubes condensadas que veñen de moi atrás, como bafaradas intensas lanzadas ao espazo polas bocas repetidas dos ronseis pétreos. Ou nubes de hoxe, frescas e coleando, acesas de lume e lenda ou apagadas en cinzas con forza de vida”.⁴

André Breton (dous retratos por Vlady Serge) – “Coñecer a Breton, beneficiándome da súa amizade, foi o premio maior que me podería outorgar o cofre dos dons do espírito... Breton arribou ao porto de Santo Domingo (1941) na compañía da súa muller, Jacqueline Lamba, e da súa filla Aube; o escritor revolucionario Víctor Serge e o seu fillo Vlady; o pintor Wifredo Lam; o doutor Pierre Mabillet e a escritora alemá, Anna Seghers... Ás veces, entregámonos ao xogo do *cadavre exquis*... Breton detonaba ser un home cordial, sumamente amable. A enteireza da súa condición humana abondaba para que no acto quedasen borradas todas as posibles diferenzas persoais”.⁵

Vlady Serge – Como di Granell na cita superior, este mozo viaxou á República Dominicana co seu pai Víctor Serge. Alí tomou leccións de pintura impartidas por Wifredo Lam e pintou os dous retratos de Breton. Víctor Serge e Vlady compartiron vivenda durante uns meses con Amparo e Eugenio Granell. Vlady vive en México dende hai moitos anos, onde segue pintando.

Bolboreta Bufo – Burkina Fasso, máscara de danzas agrarias, madeira e corda.

Saul Steinberg – En 1941, Saul Steinberg deixa Italia e viaxa a Portugal, país neutral. Embarca para os Estados Unidos pero, ao chegar a Ellis Island, descóbrese que o seu pasaporte é falso, fixérao el mesmo. Mentres os seus amigos intentan solucionar a súa situación, envíanlo á República Dominicana, onde coñece a Granell. Alí estableceron unha amizade que logo continuaría en Nova York, onde Steinberg traballaba principalmente como ilustrador na revista *The New Yorker*, que facilitara a súa chegada a Nova York.

¹ Eugenio Granell, *La Nación*, Santo Domingo, 1946.

² Eugenio Granell, *La Nación*, Santo Domingo, 2 de marzo de 1944.

³ Conroy Maddox, Catálogo do Camden Arts Center, 1978.

⁴ Eugenio Granell, *Revista del Maestro*, Guatemala, outubro-décembro, 1947, p. 144.

⁵ Eugenio Granell, “Yo saludo la memoria de Breton”, *Cultural, Diario 16*, Madrid, 28 de setembro, 1991.

Iván Tovar – Granell e Tovar fixéronse amigos a través do surrealismo. Tovar, máis novo ca Granell, naceu en Santo Domingo, onde Granell deixou escola. José Pierre escribe sobre Tovar: “Iván Tovar non nos propón o espectáculo da vida, nin nada que se poida acomodar ao ritmo cotián. Cada unha das súas teas é comparable á condensación, nun segundo, de multitude de instantes elixidos entre os máis ricos, plenos e significativos dunha existencia”.⁶

No estante incluímos libros de temas que lle interesaban a Granell, así como algúns catálogos das súas exposicións. A figuríña de madeira vermella é obra do guatemalteco Miguel Alzamora, amigo de Granell, que foi asasinado polos comunistas en Guatemala, en 1950. O *paxaro flor* é un obxecto de Granell, maraca de cestería, e a pequena figura de ferro, *Gu*, representa o deus do lume e da guerra. Foi un regalo de Granell á súa esposa Amparo.

Sala III – Seguimos mostrando obras e obxectos cos que conviviu Granell.

José Gausachs e Armengol – Nacido en Barcelona, Gausachs coincidiu con Granell no exilio na República Dominicana. Ao saír de París, fíxoo cunha paleta e unha caixa de cores que lle regalara Tristan Tzara. Foi profesor na Escola de Artes Plásticas de Santo Domingo. Durante a súa estancia en Barcelona, participou en grupos como o Group d'Artistes Independents e a Associació d'Artistes Independents. Tamén aparecía con frecuencia pola taberna Els quatre gats, coñecida por ser o cuartel xeral do modernismo catalán.

Manolo Pascual – Escultor descoñecido en España a causa do exilio. En 1931, viaxou a Roma tras gañar o Premio de Roma. Nesa cidade fixo de chofer de Valle-Inclán, cando este foi director da Academia de Belas Artes de Roma en 1933. Granell e Pascual coñecéronse durante a Guerra Civil e volvéronse atopar en Nova York. “O soldado (bronce) escintila os fulgores do estremecemento bélico. As diversas “cabezas” (bronce, xeso, madeira, mármore, barro cocido) resumen a multiplicidade da expresión vital, que se estende dende a esperanza ata a angustia. Logo, a vibrante variedade da inesgotable acción humana: o xinete, o danzante, o pescador, o hipnotizador...”⁷.

Simon Hantai – Empezou como pintor surrealista en 1949. No catálogo dunha exposición de Hantai en París en 1953, André Breton escribiu: “O mazo golpea, consecutivamente, contra o gong macho ou yang e o gong femia ou yin, segundo o ritmo infalible que anuncia a verdadeira creación: é a Simon Hantai ao que cortexan os seres de fábula, aos que o seu alento lles deu vida e que se desprazan de xeito diferente a calquera outra, nos seus inicios de 1953, na luz do nunca visto”.

Aurelio de la Vega – Músico cubano que estudou con Ernst Toch, en California. Foi decano da Escola de Música na Universidade de Oriente de Santiago de Cuba. Tamén foi crítico de música no xornal *Alerta*. Nos Estados Unidos foi director do Estudio de Música Electrónica, da Universidade do Estado de California (1952-1992). En 1971 foi nomeado profesor excepcional do Estado de California.

Claude Tarnaud – Tarnaud viviu varios anos en Nova York, onde traballaba como intérprete nas Nacións Unidas. Na devandita cidade mantivo unha estreita amizade con Granell. No catálogo da exposición do grupo Phases de 1988, Tarnaud comenta sobre a súa propia obra: “O esencial para min radica en que, ás veces, se abre un corredor que me invita, é dalgunha forma unha contra que dá acceso á reconstrución precisa (feita por un arquitecto-paisaxista, un pouco agnóstico) do País da Tenrura onde reina, déspota benévolo, o dobre do capitán Nemo”.⁸

Eduardo Abela – “Pinta agora Abela nunha fase suprema da súa magnífica, opulenta, varia produción. Pinta anxos de fume esfumándose en ceos de nubes gasosas; pinta cabalos de lume galopando sobre mares de cinza, cabalos solitarios na praia silenciosa que rutila entre o mar de aceiro e un retallo sanguinolento... Entrando nun amplo panorama surrealista novo, de poética esencia, suxestivo a non poder máis, colorido, enervante, Abela pinta seres nos cales se realiza o milagre de espiritualizarse a materia, sexan xentes, animais ou cousas”.⁹

Cartel: World Surrealist Exhibition, 1976 – Esta exposición tivo lugar en Chicago e reuniu cento setenta artistas, de trinta e tres países. Nesta sala poden verse selos que se fixeron para conmemorar a exposición, así como dous *cadavres exquis*, nos que participou Granell. Nesa exposición Granell coñeceu artistas surrealistas de Chicago, como Franklin e Penelope Rosemont; a Susana Wald e Ludwig Zeller, así como os portugueses Mário Cesariny e Artur Cruzeiro Seixas. Cesariny contribuíu cun debuxo para o xornal *España Libre*, que se publicou en Nova York ata a morte de Franco, para recadar fondos co fin de axudar a exiliados españois en Francia.

Marcel Duchamp – “De Marcel Duchamp fun amigo moi íntimo durante os anos nos que vivín en Nova York. Viña con frecuencia á miña casa, ou eu ía á súa, ou atopabámonos nalgunha galería ou no Museo de Arte Moderna, ou iamos comer a algún sitio. Duchamp era un home natural, sen pretensións de nada, sen ningún trazo de superioridade sobre ninguén. Consideraba absurdo o mundo no que vivimos, así como a existencia do diñeiro. Parecíalle máis práctico que o mundo se rexese polas armas primitivas, polas normas primitivas, polo comunismo primitivo: “Eu toco a guitarra cando case a túa filla e ti dáme agora as sardiñas”. Era a súa utopía”.¹⁰

⁶ José Pierre, *Permanence du Regard Surréaliste*, Lyon, 1981.

⁷ Eugenio Granell, *España Libre*, Nova York, novembro-décembro, 1968.

⁸ Claude Tarnaud, *L'expérience continue, 1952-1988*, Musée des Beaux Arts, Le Havre, 1988.

⁹ Eugenio F. Granell, *Arte y artistas en Guatemala*, Guatemala, 1949.

¹⁰ Eugenio Granell, *El Rei Lagarto, especial E.F. Granell*, 1999, p. 12.

¹¹ “Con Duchamp mantiven a máis cordial relación durante os longos anos que vivín en Nova York ¹². Un día regaloume a súa colección de discos, en cuxa faixa escribiu: “Ça tourne chez Granell, Marcel Duchamp”. El e Julian Levi presentaron a miña primeira exposición en Nova York, con breves textos, case apoteogmas”.¹³

Philip West – “Luz que nunca remata. O recordo do meu amigo Philip West, falecido recentemente, reina nos campos e nas selvas sublimes da imaxe surrealista. Pintando e escribindo engrandeceu sen límites os tesouros da metáfora poética... André Breton dixerá, en “A Clé des Champs”, que Pierre Reverdy foi quen primeiro formulou a lei capital da imaxe poética: “Canto máis afastadas e xustas son as relacións entre dúas realidades aproximadas, máis forte será a imaxe”. No curso da súa creación, Philip West non destituíu no seu empeño descubridor do inmenso mundo metafórico. A amplitude dos seus encontros imaxinarios permítelle confrontar non dúas realidades: rompendo os límites do aparellamento, a súa imaxinación lévao a plasmar nas súas pinturas numerosas confrontacións metafóricas”.¹⁴

Toyen – En 1957, cando Granell viaxa a París, coñece a Toyen. O poeta surrealista e bo amigo de Granell dende a Guerra Civil, Benjamin Péret, comenta sobre a obra de Toyen: “Toyen ¡nunca satisfeita! O mundo aos seus ollos permanece indefinidamente perfecto e abonda con animala un pouquiño para que se poña en movemento como na súa primeira época; entón, cando un intento de orde parecía encamiñarse pouco a pouco cara á desorde, os catro elementos libraban un lamentable combate. Nada era estable aínda e dun ovo de galiña podía nacer tanto un mono coma unha ágata”.¹⁵

Artur Cruzeiro Seixas – Cando Granell regresou a España reafirmouse a súa amizade con Cruzeiro Seixas. As súas visitas a Lisboa foron frecuentes e Cruzeiro desprazábase igualmente a Madrid para visitar o seu amigo. Cruzeiro con frecuencia ilustra as súas cartas e tamén acostuma enviar un debuxo. Ao recibir un destes en 1979, Granell escribiu: “Querido amigo Cruzeiro: moitas grazas pola túa carta... E, ¡sobre todo!, por ese absolutamente marabilloso debuxo que recibimos co maior entusiasmo e admiración polo teu asombroso xenio inventivo, tan persoal, inconfundible e amorosamente poético... Tanto a miña muller coma min estamos encantados e, con esta estampa máxica, a nosa colección das túas aumentou dun xeito prodixioso, que eu non sei como agradecerlo... E engade máis adiante: “O teu debuxo publicado en *Ellebore* que acabo de recibir de París é tan admirable coma todos os teus. Un preguntábase que fado maléfico gravita sobre creacións tan extraordinarias como a túa”.

Mário Cesariny – Poeta, pintor, tradutor de *As Iluminacións* de Rimbaud e teórico do surrealismo, reuníase, xunto con outros surrealistas, entre eles Cruzeiro Seixas, no Café Herminius de Lisboa. A poesía de Cesariny, lírica e apaixonante, presenta o cotián nunha visión cósmica que ten grande influencia sobre a poesía portuguesa actual. “... O que Mário Cesariny achegou á arte portuguesa —e partindo do principio sensato de que toda arte avanza grazas a contribucións individuais que amplían, máis ou menos xenerosamente, o seu campo— foi, ante todo, unha capacidade determinante de fantasía, de invención propiamente plástica e de relación co azar. Pero tamén, sendo nisto coherentemente surrealista no espírito e na letra, unha vontade furiosa de alterar a forma de abordar o cadro, desfigurando o peso dos materiais e dos soportes nobres. E despois, o que tampouco é pouco, tamén lle achegou, como consecuencia do dito anteriormente, unha capacidade de investigar, non a partir das regras dun oficio convencional, senón a través dunha formulación estritamente poética”.¹⁶

Franklin Rosemont – Franklin é surrealista dende 1952, cando coñeceu a Granell e a Tarnaud en Nova York. Ponse en contacto con André Breton e outros surrealistas e en 1966 viaxa a París para coñecelos persoalmente. De regreso a Chicago, crea o primeiro grupo surrealista dos Estados Unidos, grupo activo que organiza varias exposicións nacionais e internacionais. A máis importante foi en 1976 en **Chicago, World Surrealist Exhibition. Marvelous Freedom. Vigilance of Desire**. Exposición de cento setenta pintores internacionais.

Segundo Granell, “os debuxos automáticos de Rosemont son criaturas fantásticas que parecen ter moitos ollos. Son debuxos rebuldeiros que retan a imaxinación e están cheos dun sutil sentido do humor, a pesar da índole de pesadelo que tamén conteñen”.¹⁷

Penelope Rosemont – Penelope Rosemont colabora co grupo surrealista de Chicago, que impulsou e apoiou co seu marido Franklin Rosemont. “As pinturas de Penelope Rosemont despregan a visión marabillosa dun mundo cuxos elementos florais, arbóreos, rochosos, avícolas e froiteiros compoñen un pórtico fabulosamente poético, anunciador dunha cegadora natureza da imaxinación”.¹⁸

Susana Wald e Ludwig Zeller – Este matrimonio traballa xunto, creando colaxes que eles chaman “espellos”. Zeller admite que os seus poemas e colaxes serían outra cousa se non sentise e admitise a influencia do deserto Atacama, no norte de Chile, onde naceu. Un texto poético de Zeller, *The Invention of Dice or Eugenio Granell ou A invención do dado*, está ilustrado cun retrato de Granell e gravados de Susana Wald. Susana é tamén unha excelente ceramista.

11

¹² Granell, “Eu saúdo...”, op.cit., 1991.

¹³ *Cinco preguntas a E.F. Granell*, Xornada Literaria, Santa Cruz de Tenerife, 10 de Decembro 1984.

¹⁴ Eugenio Granell, “Luz que nunca se apaga”, *Philip West*, Fundación Eugenio Granell, Santiago de Compostela, 1998, p. 13.

¹⁵ Benjamin Péret, *Permanence du regard surréaliste*, Lyon, 1981.

¹⁶ Bernardo Pinto de Almeida, “Cesariny, más allá el poeta”, *Blanco y Negro Cultural*, 8/1/2005, p. 26.

¹⁷ Eugenio Granell, “Franklin Rosemont”, *Colección Eugenio Granell*, Santiago, 1975, p. 425.

¹⁸ Eugenio Granell, opus.cit., p. 425.